XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Xacobeo 21·22

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPS003

# Ciencias sociais

Parte sociolingüística

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Indique que territorios dos citados formaron parte do Imperio Francés no século XIX.

*Indique qué territorios de los citados formaron parte del Imperio Francés en el siglo XIX.*

**A** Rusia e Xapón.
*Rusia y Japón.*

**B** Camboia, Vietnam e Laos (Indochina).
*Camboya, Vietnam y Laos (Indochina).*

**C** Exipto e Suráfrica.
*Egipto y Sudáfrica.*

## 2. Identifique a resposta correcta da seguinte secuencia de países europeos:

*Identifique la respuesta correcta de la siguiente secuencia de países europeos:*

**A** 1. Dinamarca, 2. Lituania, 3. Grecia, 4. Polonia, 5. Suíza, 6. Países Baixos, 7. Croacia, 8. Letonia, 9. Bélxica, 10. Chequia.
*1. Dinamarca, 2. Lituania, 3. Grecia, 4. Polonia, 5. Suiza, 6. Países Bajos, 7. Croacia, 8. Letonia, 9. Bélgica, 10. República Checa.*

**B** 1. Países Baixos, 2. Bulgaria, 3. Polonia, 4. Hungría, 5. Chequia, 6. Dinamarca, 7. Croacia, 8. Eslovenia, 9. Letonia, 10. Ucraína.
*1. Países Bajos, 2. Bulgaria, 3. Polonia, 4. Hungría, 5. República Checa, 6. Dinamarca, 7. Croacia, 8. Eslovenia, 9. Letonia, 10. Ucrania.*

**C** 1. Países Baixos, 2. Letonia, 3. Eslovenia, 4. Hungría, 5. Bulgaria, 6. Dinamarca, 7. Croacia, 8. Ucraína, 9. Polonia, 10. Chequia.
*1. Países Bajos, 2. Letonia, 3. Eslovenia, 4. Hungría, 5. Bulgaria, 6. Dinamarca, 7. Croacia, 8. Ucrania, 9. Polonia, 10. República Checa.*



## 3. En relación á **Primeira Guerra Mundial**, indique a afirmación correcta.

*En relación a la **Primera Guerra Mundial**, indique la afirmación correcta.*

**A** O asasinato do herdeiro do Imperio Austrohúngaro, Francisco Fernando, en Saraxevo, precipitou o inicio da Primeira Guerra Mundial.

*El asesinato del heredero del Imperio Austrohúngaro, Francisco Fernando, en Sarajevo, precipitó el inicio de la Primera Guerra Mundial.*

**B** A tensión xerada por Alemaña coa ocupación dos Sudetes propiciou o inicio da Primeira Guerra Mundial.

*La tensión generada por Alemania con la ocupación de los Sudetes propició el inicio de la Primera Guerra Mundial.*

**C** O ataque do Xapón sobre a base naval de Pearl Harbour propiciou a entrada dos EE UU na Primeira Guerra Mundial.

*El ataque de Japón sobre la base naval de Pearl Harbour propició la entrada de los EE UU en la Primera Guerra Mundial.*

## 4. Á vista da obra proposta, sinale a definición correcta do estilo cubista.

*A la vista de la obra propuesta, señale la definición correcta del estilo cubista.*

**A** O cubismo caracterizábase esencialmente pola representación figurativa do sentir romántico.

*El cubismo se caracterizaba esencialmente por la representación figurativa del sentir romántico.*

**B** O seu principal interese era a representación da incidencia da luz en cada momento do día.

*Su principal interés era la representación de la incidencia de la luz en cada momento del día.*

**C** Coas súas obras, os artistas deste movemento intentaban romper o punto de vista único, é dicir, a perspectiva e a profundidade na pintura que se daba desde o Renacemento.

*Con sus obras, los artistas de este movimiento intentaban romper el punto de vista único, es decir, la perspectiva y la profundidad en la pintura que se daba desde el Renacimiento.*



## 5. Sinale a frase que amosa un contido correcto respecto á Revolución Industrial:

*Señale la frase que muestra un contenido correcto respecto a la Revolución Industrial:*

**A** A Revolución Industrial supuxo, en primeira instancia, un forte aumento da mortalidade en Inglaterra.

*La Revolución Industrial supuso, en primera instancia, un fuerte aumento de la mortalidad en Inglaterra.*

**B** A Revolución Industrial iniciouse en Inglaterra co desenvolvemento do sector téxtil.

*La Revolución Industrial se inició en Inglaterra con el desarrollo del sector textil.*

**C** A Revolución Industrial iniciouse en Alemaña co desenvolvemento do sector do automóbil.

*La Revolución Industrial se inició en Alemania con el desarrollo del sector del automóvil.*

## 6. Indique a secuencia cronolóxica correcta referida á historia de España:

*Indique la secuencia cronológica correcta referida a la historia de España:*

**A** Idade do Bronce - Colonización grega - Chegada dos cartaxineses á Península.
*Edad de Bronce - Colonización griega - Llegada de los cartagineses a la Península.*

**B** Colonización grega - Idade do Bronce - Chegada dos cartaxineses á Península.
*Colonización griega - Edad de Bronce - Llegada de los cartagineses a la Península.*

**C** Chegada dos cartaxineses á Península - Idade do Bronce - Colonización Grega.
*Llegada de los cartagineses a la Península - Edad de Bronce - Colonización Griega.*

## 7. A pintura amosa a disposición en retablo e os fondos dourados enmarcados en arquitectura oxival. A que estilo pertence?

*La pintura muestra la disposición en retablo y los fondos dorados enmarcados en arquitectura ojival. ¿A qué estilo pertenece?*

**A** Manierista.

**B** Barroco.

**C** Gótico.



## 8. Polas súas características de temperaturas suaves e precipitacións concentradas especialmente no outono, o gráfico proposto corresponde a un clima de tipo:

*Por sus características de temperaturas suaves y precipitaciones concentradas especialmente en el otoño, el gráfico propuesto corresponde a un clima de tipo:*

**A** Tropical seco.
*Tropical seco.*

**B** Oceánico temperado.
*Oceánico templado.*

**C** Mediterráneo.
*Mediterráneo.*



## 9. Sinale a secuencia correcta de cordilleiras europeas que percorre a liña de oeste a leste.

*Señale la secuencia correcta de cordilleras europeas que recorre la línea de oeste a este.*

**A** Apeninos – Balcáns – Cárpatos - Montes Urais.
*Apeninos – Balcanes – Cárpatos - Montes Urales.*

**B** Cáucaso – Cárpatos – Balcáns – Montes Urais.
*Cáucaso – Cárpatos – Balcanes – Montes Urales.*

**C** Cárpatos – Montes Urais – Cáucaso - Balcáns.
*Cárpatos – Montes Urales – Cáucaso – Balcanes.*



## 10. Onde se localizan as taxas de crecemento de poboación máis altas no mundo?

*¿Dónde se localizan las tasas de crecimiento de población más altas en el mundo?*

**A** En América do Norte e en África.
*En América del Norte y en África.*

**B** En África, no sur de Asia e en América Latina.
*En África, en el sur de Asia y en América Latina.*

**C** En América Latina e en Europa.
*En América Latina y en Europa.*

**11.** Na segunda metade do século XIX desenvolveuse o pensamento socialista, sinaladamente o anarquismo e o marxismo. Cal era o principal punto de diverxencia entre ambas as correntes de pensamento?

*En la segunda mitad del siglo XIX se desarrolló el pensamiento socialista, principalmente el anarquismo y el marxismo. ¿Cual era el principal punto de divergencia entre ambas corrientes de pensamiento?*

**A** Os anarquistas crían no Estado liberal-burgués e os marxistas non o aceptaban.

*Los anarquistas creían en el Estado liberal-burgués y los marxistas no lo aceptaban.*

**B** Os marxistas estaban en contra da fundación de partidos políticos, en tanto os anarquistas crían na participación electoral.

*Los marxistas estaban en contra de la fundación de partidos políticos, mientras los anarquistas creían en la participación electoral.*

**C** Os anarquistas querían suprimir toda forma de Estado, en tanto os marxistas concibían a toma do Estado como un medio de chegar á ditadura do proletariado.

*Los anarquistas querían suprimir toda forma de Estado, mientras los marxistas concebían la toma del Estado como un medio de llegar a la dictadura del proletariado.*

**12.** Observe o mapa da distribución do PIB mundial e seleccione a resposta correcta:

*Observe el mapa de la distribución del PIB mundial y seleccione la respuesta correcta:*

**A** O fenómeno das "economías emerxentes", en rápido crecemento, estase a dar en países como Brasil, a China, Suráfrica ou a India.

*El fenómeno de las "economías emergentes", en rápido crecimiento, se está dando en países como Brasil, China, Sudáfrica o India.*

**B** O fenómeno das "economías emerxentes", en rápido crecemento, estase a dar en países como Perú, México, Cuba e Irán.

*El fenómeno de las "economías emergentes", en rápido crecimiento, se está dando en países como Perú, México, Cuba e Irán.*

**C** O fenómeno das "economías emerxentes", en rápido crecemento, estase a dar en países como os EEUU, Canadá, Venezuela e Nicaragua.

*El fenómeno de las "economías emergentes", en rápido crecimiento, se está dando en países como los EEUU, Canadá, Venezuela y Nicaragua.*



## 13. Cal dos seguintes ríos galegos desemboca na vertente cantábrica?

*¿Cuál de los siguientes ríos gallegos desemboca en la vertiente cantábrica?*

**A** Xallas.

**B** Eo.

**C** Eume.

## 14. Identifique correctamente as provincias españolas sinaladas por números no mapa:

*Identifique correctamente las provincias españolas señaladas por números en el mapa:*

**A** 1. A Rioxa, 2. Teruel, 3. Málaga, 4. Araba, 5. As Palmas.
*1. La Rioja, 2. Teruel, 3. Málaga, 4. Álava, 5. Las Palmas.*

**B** 1. Burgos, 2. Cuenca, 3. Xaén, 4. Zaragoza, 5. Santa Cruz de Tenerife.
*1. Burgos, 2. Cuenca, 3. Jaén, 4. Zaragoza, 5. Santa Cruz de Tenerife.*

**C** 1. Valladolid, 2. Albacete, 3. Granada, 4. Teruel, 5. Santa Cruz de Tenerife.
*1. Valladolid, 2. Albacete, 3. Granada, 4. Teruel, 5. Santa Cruz de Tenerife.*



**15.** A despoboación de determinadas provincias do interior de España, fenómeno hoxe coñecido como "a España baleirada" é un fenómeno multicausal. Sinale a resposta que se adecúe mellor á identificación deste fenómeno demográfico.

*La despoblación de determinadas provincias del interior de España, fenómeno hoy conocido como "la España vaciada" es un fenómeno multicausal. Señale la respuesta que se adecue mejor a la identificación de este fenómeno demográfico.*

**A** A despoboación foi causada principalmente pola política da transición ecolóxica e a construción de parques eólicos.
*La despoblación fue causada principalmente por la política de transición ecológica y la construcción de parques eólicos.*

**B** A despoboación foi causada principalmente polo establecemento de empresas multinacionais nos territorios do interior de España.
*La despoblación fue causada principalmente por el establecimiento de empresas multinacionales en los territorios del interior de España.*

**C** A despoboación foi causada principalmente polo éxodo rural experimentado en España nas décadas de 1950 e 1960.
*La despoblación fue causada principalmente por el éxodo rural experimentado en España en las décadas de 1950 y 1960.*

**16.** Cal é a secuencia cronolóxica correcta referida á historia da arte?

*¿Cuál es la secuencia cronológica correcta referida a la historia del arte?*

**A** Gótico – Barroco – Románico.

**B** Románico – Gótico – Barroco.

**C** Gótico – Románico – Barroco.

**17.** Pola orde dos capiteis das súas columnas, o templo de Atenea Niké de Atenas é:

*Por el orden de los capiteles de sus columnas, el templo de Atenea Niké de Atenas es:*

**A** De orde dórica.
*De orden dórico.*

**B** De orde corintia.
*De orden corintio.*

**C** De orde xónica.
*De orden jónico.*



**18.** Indique a cronoloxía correcta correspondente á primeira República Española.

*Indique la cronología correcta correspondiente a la primera República Española.*

**A** 1873-1874

**B** 1808-1812

**C** 1931-1939

## 19. Indique a resposta correcta que recolle todos os países árabes situados na área bioclimática do Magreb:

*Indique la respuesta correcta que recoge todos los países árabes situados en el área bioclimática del Magreb:*

**A** Exipto, Mauritania e Iemen.
*Egipto, Mauritania y Yemen.*

**B** Marrocos, Tunisia e Libia.
*Marruecos, Túnez y Libia.*

**C** Exipto, Marrocos e Siria.
*Egipto, Marruecos y Siria.*

## 20. Unha das causas principais do ascenso do nazismo na Alemaña de entreguerras foi:

*Una de las causas principales del ascenso del nazismo en la Alemania de entreguerras fue:*

**A** O descontento social xeneralizado coas cláusulas económicas e territoriais asinadas no tratado de Versalles de 1919.
*El descontento social generalizado con las cláusulas económicas y territoriales firmadas en el tratado de Versalles de 1919.*

**B** O descontento social causado pola perda do seu imperio colonial.
*El descontento social causado por la pérdida de su imperio colonial.*

**C** O descontento social causado pola intención austríaca de unirse a Alemaña.
*El descontento social causado por la intención austríaca de unirse a Alemania.*

# 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | | X | | |
| 2 | | | X | |
| 3 | X | | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | | X | | |
| 6 | X | | | |
| 7 | | | X | |
| 8 | | | X | |
| 9 | X | | | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | | X | |
| 12 | X | | | |
| 13 | | X | | |
| 14 | | X | | |
| 15 | | | X | |
| 16 | | X | | |
| 17 | | | X | |
| 18 | X | | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | X | | | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**